


Festa do queixo

2,3 e 4 de marzo 2012



Arzúa



festadoqueixo.org
festadoqueixo.blogspot.com
concellodearzua.org

Séguenos en  



37^o festa do QUEIXO

Arzúa, 2-3-4 marzo 2012

Benvi@s á 37ª Festa do Queixo! Esta fin de semana Arzúa transfórmasse nun espazo onde cabe o contemporáneo e o multidisciplinar a través dunha intensa programación de actividades. Un vieiro de acontecementos que aportan valor engadido cultural, didáctico, económico e tamén de lecer. Gastronomía, música, cultura, tradición, innovación desde o rural, un lugar aberto a tod@s e pensado para tod@s.

O queixo do C.R.D.O.P. Arzúa-Ulloa, elaborado a partir de leite de natural e enteira de vaca, conta desde 1989 coa denominación de **Produto Galego de Calidade**. Leva unha etiqueta comercial na que figura a mención da Denominación de Orixe Protexida, cunha contra-etiqueta numerada expedida e controlada polo Consello Regulador.

O recinto feiral Terra do Queixo acolle durante 2 días a expositores artesanais e profesionais xunto con actividades formativas, culturais e de lecer, converténdose así nun gran **espazo de intercambio**. No posto da Organización (centro do recinto) puxemos o buzón de suxestións, ademais de información e un lote de artigos da festa. E como novidade este 2012 un Fotocall para saír co mellor sorriso!

O programa cultural énchese polo día con animación, obradoiros e actividades: **cociña creativa** co chef da TVG André Arzúa, aprender a compoñer unha 'canción desde cero', a **facer un queixo**, practicar **skate, graffiti**... E pola a noite, que mellor que os concertos do Festival do Queixo!

Considerate na túa casa. Goza pois da festa respectando a contorna e, por riba de todo, respectando aos demais. Se aínda non tiveshes a oportunidade, dá unha volta pausada polos arredores de Arzúa, verá a beleza da nosa, da túa terra. Os aseos públicos do recinto feiral permanecen abertos da mañá ata o final dos concertos. Contan con servizo de limpeza regular; máis os usuarios somos quen debemos preservar o seu coidado. Hai **papeleiras e contedores** no exterior e interior do recinto feiral, tira o lixo nos lugares axeitados. Preserva o coidado de todas as zonas, prazas, rúas, xardíns... lembra que estás na casa!

+info en www.festadoqueixo.org e www.festadoqueixo.blogspot.com. Se andas por **facebook** únete á festa, xa somos máis de 2000 amig@s! e entérate de todo en **@festaqueixo**, o novo espazo en **twitter**

Convidámoste a participar da festa e gozar de Arzúa!

SEMANA PREVIA

(27 FEBREIRO AO 2 MARZO)

Cata dos queixos galegos con D.O.P. (Arzúa-Ulloa, Cebreiro, Queixo Tetilla e San Simón da Costa)
En colaboración cos Consellos Reguladores. Nos colexios e IES de Arzúa.
Luns 27/02: no IES de Arzúa (16.30h.) Colexio Atocha (12.00h.).
Mércores 29/02: no CEIP de Arzúa (12.30h.).

Obradoiros de 'Queixo e Mel' para nenos e nenas
Centro de Divulgación do Queixo e do Mel (Feira do Gando - Santa María, Arzúa).
Mércores 29 de febreiro, xoves 1 e venres 2 de marzo.
Horarios: mañá e tarde, a acordar co grupo (2 grupos de 25 persoas).
Duración: 1h. 30min.
Inscrición: ata o 24/02/12 (2,50€) 981 508 142 aga@queixoemel.org

VENRES 2 MARZO

6º Concurso de tapas e petiscos 'Festa do Queixo'
Nos 17 establecementos de hostalaría de Arzúa que participan. Organizado polo C.R.D.O.P. Arzúa-Ulloa e a Asociación de Hostaleiros de Arzúa.

Noite de troula coa "Rondalla Moraima"
Nos locais de hostalaría, rúas e prazas.

SÁBADO 3 MARZO

11.00h. APERTURA DE PORTAS RECINTO FEIRAL 'TERRA DO QUEIXO'
Ao longo da mañá, Pasacalles co grupo de gaitas "Castro Curbín". Nas rúas, prazas e recinto feiral.

Ao longo do día, Exposición "Concurso de Carteis Festa do Queixo"
Capela da Madanela, de 11h. a 13h. e de 16h. a 18h.

11.00h. - 12.30h. Obradoiro de SKATEBOARD
Praza de Galiza (en caso de choiva no CEIP de Arzúa) (>10 anos). Prazas limitadas. Inscrición de balde ata o 1 de marzo: tel. 981 500 222.

13.00h. INAUGURACIÓN OFICIAL e PREGÓN
Teté Delgado, a simpática e polifacética actriz, cantante e presentadora dará o Pregón 2012!
Entregas de Premios concurso de carteis, tapas e petiscos. Máis de 135 propostas diferentes presentadas! Un lote de creatividade e marca histórica de participación!

Espectáculo: 'Teté y los Ciclones' (acústico)

O grupo fórmasse grazas a que Teté Delgado decide dar renda solta a unha das súas grandes paixóns: ser vocalista dunha banda do máis puro Rock'n'Roll.



www.tetedelgado.com

Recinto Feiral - 1º andar-16.00h. - 17.00h. Queres verte no festival? Retrátate no FOTOCALL DO QUEIXO!!!

Recinto Feiral -zona central planta baixa-.
Únicos requisitos: soste un anaquiño de queixo (vale o queixo enteiro) ou levar posta calquera prenda da festa: mandil, camiseta, pin... e o teu mellor sorriso!

17.00h. Obradoiro de COCIÑA CREATIVA -MOCIDADE-con André Arzúa

Cociña Recinto Feiral -1º andar-.
De 12 a 18 anos. Inscrición tel 981 500 222. Prazas limitadas (8€, inclúe agasallo do mandil e gorro de 'chef')
Un obradoiro especial dirixido por André para elaborar unha receita de queixo anovadora e creativa.

17.30h. Espectáculo de rúa: Grupo Batuki de Montealto Festa de rúa con este animado grupo de percusionistas, malabares, zancudo e capoeira!

Nas rúas, prazas e recinto feiral.


18.30h. - 20.00h. Taller de CREACIÓN MUSICAL

Recinto feiral -1º andar-.
Con **Helios Vega** -Kárabu- e **David Van Bylen** -Estereotipo- que nos aprenderán como compoñer un tema e **crear unha canción 'desde cero'**! (>12 anos). tel 981 500 222. Prazas limitadas ata completar aforo. Inscrición de balde ata o 1 de marzo!

21.00h. PECHE RECINTO FEIRAL -aseos abertos durante os concertos ata a 01h am.-

21.30h. FESTIVAL DO QUEIXO Kase.O Jazz Magnetism

Campo da Feira | 21.30h.
Presentan o seu último proxecto, onde o zaragozano Javier Ibarra (Kase.O) fusiona xunto co cuarteto de músicos Jazz Magnetism as raíces máis fondas do jazz e o hip-hop.
Producido polo propio Kase.O, o compoñente de Violadores del Verso trae da man este novo disco conxunto. Unha xira en directo en exclusiva só en 8 lugares privilexiados da península...e o Festival do Queixo un deles!



www.myspace.com/kaseojazzmagnetism

We are Standard

Campo da Feira | 23.15h.
Indie-rock bailable garantía de conexión e festa! Un directo moi enerxético co que fan gozar en cada concerto. Premios UFI da música independente, Evolución 09, FIVA, MTV European Music Awards...



www.myspace.com/wearestandard

Hedonismo, diversión e comunión, todo nun. A súa proposta de, como din as críticas internacionais 'frenesi bailable', da como resultado una nova referencia que abre portas infinitas ao seu futuro.

Gañador Queixo Maquetón 2012: Berlina - Madrid-Praza de Galiza | 01.00h.


Una nova marca histórica participación nesta 4ª edición. 196 grupos noveis aspiran a amosar o seu talento en Arzúa!



www.myspace.com/proxectoqueixomaqueton

Sammy Jo -Scissor Sisters DJ-

Praza de Galiza | 02.00h.
A gozar da noite coa agudeza de estilos do DJ residente do club Razzmatazz (Barcelona) e DJ oficial de Scissor Sisters!



www.myspace.com/sammyjoscissorsisterstourdj

DOMINGO 4 MARZO

10.00h. APERTURA RECINTO FEIRAL 'TERRA DO QUEIXO'

11.00h. Pasacalles co grupo de gaitas "Os Melidaos"

11.00h. - 12.00h. Queres verte no festival? Retrátate no FOTOCALL DO QUEIXO!!!
Recinto Feiral -zona central planta baixa-.
Únicos requisitos: soste un anaquiño de queixo (vale o queixo enteiro) ou levar posta calquera prenda da festa: mandil, camiseta, pin... e o teu mellor sorriso!

11.30h. - 13.00h. Obradoiro de GRAFFITI infantil
Recinto Feiral -corredor 1º andar-.
Utilización de pinturas e cartolinas para desenvolver a creatividade nun extenso mural. De 5 a 12 anos. Inscrición de balde ata o 1 de marzo. Prazas limitadas. Tel. 981 500 222.

13.00h. - 14.30h. Obradoiro de COCIÑA CREATIVA -INFANTIL- con André Arzúa
Cociña Recinto Feiral -1º andar-.
Un obradoiro dirixido por André onde os máis novos elaborarán unha sinxela e creativa receita con queixo. De 7 a 12 anos. Inscrición ata o 1 de marzo. Prazas limitadas. Tel. 981 500 222 (8€, inclúe agasallo do mandil e gorro de 'chef') Permítese a presenza de acompañante adulto.



13.00h. - 14.30h. Obradoiro "À COCIÑA CO QUEIXO E O MEL"
Centro de Divulgación do Queixo e do Mel (Feira do Gando - Santa María, Arzúa). Co cociñeiro Alex Pereira. Inclúe degustación de produtos da comarca. Prazas limitadas. Inscrición previa (5€).

16.30h. Pasacalles co grupo de gaitas "Sobreiras do Ulla"

17:30h. Festa e música polas rúas de Arzúa coa Charanga 'Os Amigos de Visantóna'
Nas rúas, prazas e recinto feiral.

18:00h. Obradoiro 'APRENDE A FACER QUEIXO' e degustacións comentadas de queixo e mel
Centro de Divulgación do Queixo e do Mel (Feira do Gando - Santa María, Arzúa).
Duración: 1 h. Prazas ata completar aforo (50 persoas). De balde. Información e inscrición: 981 508 142 aga@queixoemel.org ou no recinto feiral.

18.00h. FESTIVAL DO QUEIXO

O Fiadeiro

Praza de Galiza | 18.00h.
Espectáculo "Esta noite hai unha fia". Músicos, pandereiteiras, pandereiteiros, bailadores escenifican en cada en cada baile e cun vestiario diferente un oficio ou labor: **55 artistas e 13 escenas** co subtítulo 'de oficios e labores', homenaxe ás persoas que fixeron nos chegar ese gran patrimonio inmaterial.



www.ofiadeiro.com

Treixadura

Praza de Galiza | 19.30h.
Presentaránnos o seu novo traballo de 20º aniversario, "Esa si que é muiñada" (2011). Sinónimo de música tradicional, ritmos, cantigas e instrumentos. Todo desde dúas concepcións ben arraigadas: o canto e a gaita. Dúas décadas compartindo co público a forza evocadora, máxica e reconfortante do canto colectivo.



www.treixadura.com

19.00h. PECHE RECINTO FEIRAL

Fai uso compartido do vehículo	Non deas voltas, usa os parking	Preserva limpos os wc's para todos	Tira o lixo en papeleiras e colectores	As actividades son de balde. Participa!

o queixo música entretenemento obradoiro

